

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 26/1012

Feitos

Con data do 13.07.2026, este servizo de persoal docente e investigador recibe comunicación de que o seguinte membro da comisión de selección da praza 26/1012, de profesor/a substituto/a do Departamento de Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación (convocada por Resolución reitoral do 10.06.2026), incorre en conflito de interese, segundo o establecido no artigo 6.12 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024:

Chao Fernández, Rocío: presidenta

Consideracións legais e técnicas

O apartado 6.12 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno de 07.11.2024, establece que os membros das comisións deberán renunciar a formar parte da comisión cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no devandito apartado, con algunha das persoas candidatas. No presente caso, a causa alegada xustifica a substitución da presidencia.

Por outra banda o artigo 6.6 da citada normativa establece que de non poder actuar a persoa proposta para a presidencia será substituída polo membro do departamento de maior categoría e antigüidade, garantindo o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 126 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 94/2025 do 6 de outubro, (DOG do 27 de outubro).

De acordo co indicado, dispón a seguinte substitución, para a comisión da praza indicada:

Presidencia: substitúese a Rocío Chao Fernández por Jesús Miguel Muñoz Cantero

A Coruña, na data da firma electrónica
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)

A vicerreitora de Profesorado

María Teresa López Fernández